

**Convocatoria:** Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S  
**Corpo:** 591 - Profesores técnicos de formación profesional  
**Especialidade:** 221 - Procesos comerciais  
**Tribunal:** 1

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

*DATA PUBLICACIÓN: [16/06/2021]*

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN XERAIS

1. Avaliaranse os coñecementos específicos, científicos e técnicos da especialidade docente.
2. Avaliarase a aptitude pedagóxica das persoas aspirantes e o seu dominio técnico do exercicio docente.
3. Avaliarase a coherencia e claridade expositiva oral e escrita.
4. As probas poderán realizarse en galego ou castelán.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS DA PRIMEIRA PROBA

1. A parte práctica (parte A) da primeira proba terá dúas propostas a escoller unha que poderá consistir en:
  - a. Formulación e/ou análise de actividades de ensino-aprendizaxe
  - b. Realización de probas prácticas e/ou simulacións
  - c. Resolución de exercicios e supostos.
2. A parte práctica estará referida aos ámbitos relacionados no anexo VI da ORDE do 13 de marzo de 2020 de convocatoria de procedementos selectivos para a especialidade de Procesos Comerciais .
3. Na parte do desenvolvemento dun tema do temario por escrito (parte B) avaliaranse a demostración dos coñecementos específicos, científicos e técnicos propios do tema elixido pola persoa aspirante de entre cinco que se sortearán do temario.
4. É imprescindible acadar o 25% da puntuación máxima de cada unha das partes anteriores para superar a primeira proba. A cualificación desta primeira proba será conxunta ponderándose un 60% a parte A e un 40% a parte B, debendo obterse un 5 como mínimo para superala.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS DA PARTE A

#### FORMULA E/OU ANALIZA ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAXE

1. Estrutura a formulación e/ou análise de xeito que facilita a comprensión.
2. Secuencia de xeito preciso a formulación ou análise e domina as habilidades técnicas da especialidade.

3. Aborda as actividades de xeito coherente cos elementos curriculares e/ou didácticos propostos.
4. Explica a conexión cos elementos curriculares e/ou didácticos propostos.
5. Propón elementos de avaliación ricos e que informan convenientemente do progreso.
6. Utiliza terminoloxía técnica adecuada.

#### REALIZA PROBAS PRÁCTICAS OU SIMULACIÓNS

1. Estrutura a práctica ou simulación de xeito que facilita a súa comprensión.
2. Secuencia de xeito preciso a realización das prácticas ou simulacións e domina as habilidades técnicas da especialidade.
3. Indica de xeito claro a orixe do resultado ou da conclusión das probas prácticas e/ou simulacións.
4. Presenta un resultado final correcto das prácticas e/ou simulacións.
5. Realiza de xeito secuenciado, ordenado e coherente as prácticas ou simulacións cando consistan en planificación ou plans de acción.
6. Utiliza terminoloxía técnica adecuada.

#### RESOLVE EXERCICIOS E SUPOSTOS

1. Estrutura os exercicios e supostos de xeito que facilita a comprensión.
2. Secuencia de xeito preciso a resolución de exercicios e supostos e domina as habilidades técnicas da especialidade.
3. Indica de xeito claro a orixe do resultado. Estrutura a resolución do exercicio e/ou suposto de xeito que facilita a comprensión.
4. Presenta o resultado final correcto dos exercicios e supostos.
5. Utiliza terminoloxía técnica adecuada.

#### FAI ACHEGAS PERSOAIS NO PROCEDIMENTO DE RESOLUCIÓN

1. Presenta posibles alternativas de resolución se fose o caso.
2. Explica de xeito razoado o resultado.
3. Fai referencias a normativa xurídica, métodos informáticos ou sitios web oficiais ou profesionais que axuden á resolución, realización ou formulación e análise.

#### PRESENTA CLARIDADE ORTOGRÁFICA, GRAMATICAL E DISCURSIVA

1. Usa correctamente e de xeito preciso a linguaxe e vocabulario.

2. Aborda a parte práctica con boa presentación e limpeza.

## CRITERIOS ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN DA PARTE B

### DEFINE UNHA ESTRUTURA E PRESENTACIÓN

1. Inclúe índice de referencia.
2. A estrutura do tema facilita a comprensión.
3. Organización lóxica e clara.
4. Presenta xustificación.

### DESENVOLVE OS CONTIDOS ESPECÍFICOS

1. Trata todos os epígrafes do tema establecendo unha organización e seguindo unha orde.
2. Adecúa, aborda con profundidade e argumenta os contidos ao tema.
3. Aplica o contido do tema á realidade do contexto educativo.
4. Presenta un enfoque innovador.
5. Cita autorías e bibliografía referente ao contido do tema
6. Utiliza a terminoloxía específica, exacta e correctamente.

### ELABORA UNHA CONCLUSIÓN

1. Destaca os aspectos máis relevantes do contido do tema.
2. Relaciona o contido do tema coa contorna da familia profesional e co actual sistema educativo.

### INCLÚE BIBLIOGRAFÍA, WEBGRAFÍA E REFERENCIAS LEXISLATIVAS

1. Inclúe índice bibliográfico relacionado co contido do tema.
2. Fai referencia á lexislación que corresponda.
3. Cita referencias a páxinas web relacionadas co contido do tema.

### PRESENTA CLARIDADE ORTOGRÁFICA, GRAMATICAL E DISCURSIVA

1. Usa de xeito correcto e preciso a linguaxe e vocabulario.
2. Presenta o tema con orde e limpeza

### ERROS

1. Divagacións.
2. Erros no contido.
3. Desaxustes e incoherencias entre as partes que compoñen o tema.
4. Erros de expresión.
5. Uso incorrecto da terminoloxía da familia profesional.

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS DA SEGUNDA PROBA

1. Avaliarase a aptitude pedagóxica e o dominio das técnicas docentes.
2. Na programación didáctica (parte A) avaliaranse os seguintes aspectos:
  - a. A pertinencia da concreción do currículo en relación ás características do sector produtivo
  - b. A coherencia na distribución do currículo en unidades didácticas, e as duracións e descricións das mesmas
  - c. A coherencia entre a distribución dos elementos curriculares asociados á unidade didáctica e as actividades definidas
  - d. O detalle e axuste ao currículo das tarefas de profesorado/alumnado/avaliación establecidas para esa actividade
  - e. A definición de instrumentos de avaliación axeitados aos criterios de avaliación e dos criterios de avaliación mínimos esixibles e o seu peso na unidade didáctica; o detalle dos criterios de cualificación e avaliación positiva correspondéndose cos instrumentos indicados por cada criterio de avaliación
  - f. A existencia, de xeito detallado, dun procedemento para definir as actividades de recuperación e dun procedemento para definir a proba extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua
  - g. A existencia de mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora; e
  - h. A existencia dun procedemento para a realización da avaliación inicial con inclusión de medidas de reforzo educativo
  - i. A existencia dunha programación da educación en valores e actividades complementarias e extraescolares, tratando aspectos sobre: igualdade de xénero, prevención de riscos laborais, ambiente, etc. A existencia ademais de coordinación con outros módulos profesionais do ciclo formativo
  - j. A calidade da defensa na exposición oral tendo en conta os aspectos verbais e non verbais da comunicación; control do tempo e grao de interiorización da programación; uso do guión unicamente como soporte e ilustración da exposición con material e recursos pertinentes (Anexos).

3. Na unidade didáctica (parte B) avaliaranse os seguintes aspectos:

a. A coherencia entre os elementos curriculares especificados para esa unidade didáctica e a duración e descrición da unidade didáctica

b. A coherencia entre a distribución dos elementos curriculares asociados á unidade didáctica e as actividades definidas. As duracións, descrições e obxectivos específicos das actividades son axeitados.

c. O detalle e axuste ao currículo establecido das tarefas de profesorado/alumnado/avaliación para esa actividade, especificando os recursos e resultados ou produtos da actividade

d. A adecuación dos instrumentos de avaliación aos criterios de avaliación indicando os criterios de avaliación mínimos esixibles e o seu peso na unidade didáctica.

e. A calidade da defensa na exposición oral tendo en conta os aspectos verbais e non verbais da comunicación; control do tempo e grao de interiorización da programación; uso do guión unicamente como soporte e ilustración da exposición con material e recursos pertinentes (Anexos).

A cualificación de cada parte da segunda proba valorarase de 0 a 10 puntos ponderando a parte A un 40% e a parte B un 60%. Para iso utilizaranse as rúbricas publicadas no anexo XIII da convocatoria e que se resumen nos epígrafes 2 e 3 anteriores.